

Bloque

Barro

Nº 15 # 2º etapa # Decembro de 2011



impreso postal sen enderezo

O PP aproba para 2012 un orzamento que agravará aínda máis a mala situación económica do Concello

O PP ven de aprobar o orzamento municipal para o 2012, que ascende ao 1.771.360 euros. Trátase, unha vez máis, dun orzamento ficticio, con partidas de ingresos infladas artificialmente que único que fará será incrementar o déficit municipal, como ven sucedendo ano tras ano.

Compre lembrar que a política levada a cabo polo PP nos últimos 12 anos incrementou alarmantemente a débeda do Concello, sin que os veciños dispoñan dos servizos máis elementais.

O orzamento para o 2012 reincide nos mesmos erros que os anteriores, cunha previsión de ingresos que, xa se sabe de antemán, non se vai cumprir.

As cantidades consignadas no capítulo de ingresos son tan falsas que o mesmo alcalde tivo que recoñecer que non sabía que transferencias se ían recibir nin do Estado nin da Xunta de Galiza. Que quere isto dicir? Pois que as cantidades que recollen os orzamentos como ingresos carecen da máis mínima base obxectiva, e son eses como poderían ser calquera outras que se lles ocorrisse ao señor alcalde.

Para o BNG esta forma de actuar do PP, que non é nova e se repite ano tras ano, é unha temeridade que se traduce nuns nefastos resultados económicos para o concello.

O Concello ten centos de miles de euros en facturas ocultas nos caixóns

O orzamento para o 2012 tampouco recolle (e tamén é algo que se repite ano tras ano), as facturas pendentes de pago por parte do Concello. Facturas non recoñecidas por falta de consignación orzamentaria (as coñecidas como "facturas nos caixóns"), e que ascenden a centos de miles de euros.

Un crecente endebedamento que se arrastra desde 1997

A pésima situación económica do Concello de Barro non



se pode achacar só á crise actual. Compre lembrar que o déficit en Barro xa ven desde o ano 1997 e se foi incrementando ano a ano. Unha demostración de que o PP en vez de aproveitar os tempos de "vacas gordas" para sanear o Concello, o que fixo foi endebedalo aínda máis. E o que é peor, sen que os veciños e veciñas visen mellorados os seus servizos.

Os veciños e as empresas pagarán as consecuencias da pésima xestión económica do alcalde

Chegados a esta situación o único que se lle ocorre ao sr. alcalde é cargarlle aos veciños e empresas de Barro as consecuencias da súa mala xestión, cunha suba desproporcionada de taxas e impostos para o ano 2012.

Resulta paradóxico, e un exemplo nídido da xestión económica do PP, que mentres se fai recaer a suba de taxas e impostos nos veciños e nas empresas de Barro, non se fai nada para cobrarlle á empresa organizadora do mercadillo dos domingos os 48.000 euros que a día de hoxe adebeda ao Concello.

Aos líderes do PP écheselles a boca decindo que non é tempo de subir impostos á xente, que hai que baixar o déficit e que non debe haber facturas nos caixóns. Curiosamente alí onde goberna, e o Concello de Barro é un bo exemplo disto, fai xustamente todo o contrario.

A Contracapa

O PP "fritenos" a impostos

O PP, ao que se lle enche a boca decindo que non vai "fritir" a impostos á xente, ven de aprobar, co único voto en contra do BNG, unha suba desproporcionada dos mesmos.

Así, increméntase un 30% o IVTM (imposto de circulación) e en máis do 900% a taxa de recollida de lixo. Taxa que vai dos **60 euros** para as vivendas até os **600 euros** para algunhas empresas.

O BNG está de acordo en que os servizos deben pagarse a través de taxas. O que non estamos de acordo é cunha suba destas características sen que se basee en ningún estudo económico.

Os enganos de Landín

En todo caso, quero renovar contigo o compromiso, se che parece ben, de seguir traballando por Barro, e deixaros traballar a vos **sen fritirvos a impostos e dedicacións exclusivas**.

Se coma, candidato á Alcaldía, che merezo a confianza, pídoche o teu voto o vindeiro 22 de maio.

En todo caso, non deixes que decidan por ti, todos debemos decidir quen será o próximo Alcalde do noso Concello.

Un saúdo e sorte.

Asdo. José Antonio Landín

COMPARATIVA DO IMPOSTO AOS VEHÍCULOS MÁIS COMÚNS

C.V.F.	BARRO	MORAÑA	MEIS	RIBADUMIA	MEAÑO	SANXENXO
de 8 a 11,99	44,30	34,08	34,08	34,08	34,08	39,87
De 12 a 15,99	93,52	71,94	71,94	71,94	71,94	84,17

COMPARATIVA DA TAXA DO LIXO A VIVENDAS NO RURAL

CONCELLO	EUROS / ANO
BARRO	60
MORAÑA	24,04
CALDAS	30
RIBADUMIA	32,01
SANXENXO	45,67
MEAÑO	54
CAMBADOS	55,74

No rural do concello de Pontevedra a taxa do lixo é 57,50 euros e con moitos máis servizos

Mentres o PP nos sube os impostos aos veciños e empresas de Barro, sigue sen cobrarlle os 48.000 euros que debe a empresa que organiza o mercadillo dos domingos no San Antoniño

Como contactar co BNG Barro:

Teléf. 620262802
bngbarro@gmail.com

Como contactar co BNG Nacional:

Sede Nacional. Avenida Rodríguez de Viguri. 16 baixo.
15703 Santiago de Compostela. 981 555 850
www.bng-galiza.org
nacional@bng-galiza.org

